

FOLLAS CULTURAIS

Novembro 2024



- O PEQUENO MILAGRE DE BREOGÁN
- COÑECENDO O NOSO ENTORNO
E AS TRADICIÓNS
- MEMORIAS DUNHA AVENTURA CULTURAL
- RESEÑAS LITERARIAS
- POESÍAS

OUTONO – SAN MARTIÑO

Estamos moi satisfeitos de poder sacar un novo número das nosas Follas Culturais, grazas a axuda do Concello e a colaboración de diversas persoas coas súas aportacións.

Voltar a amosar o noso agradecemento a todas as persoas que nos axudan a seguir adiante con esta aventura.

Coordinación:
Equipo de Cultura do CMDC Breogán.
Xunta Directiva CMDC Breogán.

Colaboracións neste número:

Silvia Domínguez Torrado.

M^a Carmen Cacabelos.

Lola Rodríguez (Lola A Meca).

Juan José Caneda Aguín.

Juanma Figueiro.

Iria Gondar Iglesias.

Queco Fresco.

REFRANEIRO

- A TODO PORCO LLE CHEGA O SEU SAN MARTIÑO
- POLO SAN MARTIÑO FAISE O MAGOSTO, CON CASTAÑAS ASADAS E VIÑO OU MOSTO.
- O VERANCIÑO DE SAN MARTIÑO OU GRANDE OU PEQUENIÑO.
- POLO SAN MARTIÑO, BUXAINAS Ó CAMIÑO.
- POLO SAN MARTIÑO, MATA O PORCO E PROBA O VIÑO.
- CASTAÑAS NOCES E VIÑO FAN AS DELICIAS DE SAN MARTIÑO.
- MES DOS MORTOS, MATA OS TEUS PORCOS.
- CANDO SANTOS REMATA, O INVERNO EMPEZA.
- CHEGAN OS DEFUNTOS E CHEGAN OS CORVOS XUNTOS.
- DENDE SANTOS A NADAL É INVERNO NATURAL.



RECEITAS:

Castañas cocidas con fiuncho (sabores e recordos da infancia)

Ingredientes:

- 500 g de castañas.
- Un puñado de fiuncho (herba aromática que aparece de maneira silvestre nos nosos montes e que foi utilizada dende tempos atrás na cociña principalmente como dixestiva e carminativa, pero tamén é unha planta imprescindible no cacho de San Xoán, como repudio contra o mal de ollo)
- Auga.
- Chisco de sal.

Preparación:

Pelar as castañas, retirando a cáscara dura.

Colocalas nunha pota co fiuncho ata cubrilas con auga.

Deixalas cocer uns 30-40 minutos (depende do tamaño das castañas). Tendo ollo a que non se pasen e se desfagan.

Colamos e volvemos a poñer un ratiño no lume para que termine de evaporarse a auga da cocción.

Retiramos do lume e quitamos o fiuncho.

Pelamos e comemos así quentiñas...ou frías tamén están boas, ou con leite, ou para facer diferentes postres.

O PEQUENO MILAGRE DE BREOGÁN

Historia breve do Grupo de Danzas e Gaitas

Juanma Figueiro.



Un 26 de xaneiro de 1985 catorce adolescentes groveneses (cuarteto de gaitas e cinco parellas de baile, integrantes do Grupo de Danzas e Gaitas Breogán) subiamos a un avión en Peinador para chegar, un día máis tarde e previa escala en Barajas, ao aeroporto de Ezeiza, en Buenos Aires. Pouco antes de aterrizar, Fernando Gondar, directivo da asociación, avisounos de que na terminal estábanse reunindo moitas persoas que agardaban o noso voo, polo que facer unha actuación alí mesmo sería a maneira perfecta de iniciar a estada. Por turnos, comezamos a dirixirnos aos baños do avión para cambiar a indumentaria. Esa mesma tarde, logo de rexistrarnos no hotel e xantar, acudimos ao Canal 9 para actuar nun programa de televisión chamado Sábados de la bondad. E así comezou a nosa aventura arxentina. Nunca colleramos un avión, nin saíramos na televisión, nin actuáramos nunha gran cidade. ¿Como chegamos ata alí?

En setembro de 1979 Breogán abreu no seu local social unha aula de baile galego dirixida por don Francisco, un mestre de 29 anos do colexio Rosalía de Castro. Co pasar dos meses, entre os vinte e tantos alumnos (alumnas en máis dun 90%) que asistíamos ás clases o director fixo unha selección coa idea crear unha agrupación folclórica. Para isto foi esencial a incorporación do gru-

po que dirixía Carmen Barreiro. Seguro que esquezo a alguén, pero dalí viñeron Ángela, Francisco Manuel, Maite, Quico, Montse, Manolo, Belinda, Esperanza, Masé... Dos que empezamos en Breogán, pasamos a aquel grupo Berta, Mariuca, a miña curmá Loli, Ana, Juancho e máis eu. Eramos un grupo dispar, con idades e estaturas diferentes, pero dispoñer de cinco parellas mixtas naquel tempo e lugar tiña non pouco mérito. A parte musical cubreuse cos Mequiños do Grove, que pasaron a chamarse Os Mecos de Breogán: Miguel, Juan, Rafa (Noli chegou máis adiante)... encabezados por un Pedro Magariños que, como comprobamos co tempo, convertírase nun perfeccionista da afinación: nunca iniciamos unha actuación sen que gaitas, tambor e bombo estivesen perfectamente afinados.

Fixemos o noso debut no Gran Hotel da Toxa, en abril de 1980, e de aí en diante sucedéronse as actuacións en ceas de gala, romarías, congresos, etc., que se organizaban na illa. Actuacións vividas por nós como acontecementos extraordinarios que nos permitían estar fóra da casa a deshora, faltar a clase e ata bañarnos algunha vez na piscina, onde os do Grove, polas circunstancias socioeconómicas da Época, non entrabamos máis que para traballar.

As actuacións, xa de cedo, non se limitaban á Toxa e ao Día da Muiñeira, que se fixo por primeira vez no Grove baixo a organización de Breogán. Aos poucos, pero cada vez con maior frecuencia, comezamos a cruzar O Bao. Nalgún lugar da casa dos meus pais hai unha copia da foto que Fernando Gondar nos fixo cando fomos actuar á Festa do Cocido de Lalín, onde chegamos despois dunha ruidosa viaxe en autobús entre bromas, risas e varios vómitos sen preaviso.

Subir ao autobús volveuse un hábito cando a Deputación de Pontevedra abreu un programa que concedía dez actuacións anuais a cada grupo da provincia (daquela había bastantes menos que agora), e isto levounos a visitar lugares aos que non teríamos ido doutra maneira e a vivir situacións inusuais, como que unha señora coas facultades mentais perturbadas, ao iniciar o desfile, nos seguira facendo xestos cos brazos e berrendo “¡marchaivos!, ¡marchaivos!”, ata pouco menos que botarse enriba da parella infantil (Tere e Miguel, aínda que tamén puideron ser Ana e Joserra). Tamén foi inusual pasar unha tarde enteira buscando o lugar da actuación sen atopalo nunca: entre que aquel sitio non aparecía no mapa, que as indicacións dos paisanos non conducían a ningures e que Google Maps aínda non se inventara, o condutor non daba avío co volante. Desvíamosnos, subimos, demos media volta, baixa-



mos... e volvemos á casa sen saír do autobús.

Nun certo momento, pola propia progresión do grupo, por incomparancia allea e polo sucederse das actuacións, chegamos a formar parte nuclear da vida social do Grove. E non foi sen esforzo, porque se de algo padecía o noso director, ademáis de alerxia a calquera indicio de vulgaridade, era de perfeccionismo: non se estrenaba un baile que non saíra varias veces seguidas sen erros, e se durante o ensaio dunha peza se producía un fallo tiñamos que retomala desde o principio. Don Francisco repetía con frecuencia que o público pode saber ou non quen baila ben, pero calquera persoa distingue unha liña recta doutra que non o é. O respecto ao público, polo tanto, tiña que ser máximo.

Exemplo paradigmático era a Danza de Corpus, na cal se concentraban unha serie de circunstancias que facían desa actuación un evento excepcional. Por unha banda, ti-

ñamos autorización materna para pasar a noite naquel local abarrotado de xente desfecendo fiúncho, recollendo flores ou axudando na confección da alfombra (costume, por certo, que tamén comezou con Breogán). Así, na véspera do Corpus de 1984 Juancho e máis eu subimos ao coche de Suso Casal, presidente da entidade naquel momento, e saímos do Grove na procura de xardíns en flor. En cada parada, Suso agardaba no coche (pode que sen apagar o motor, como nas películas) a que acabásemos a faena para saír a escape ata o seguinte lugar florido. Nunca estiven tan próximo a sentirme un ladrón de bancos.

Por outro lado, estaba a solemnidade propia dese día. Daquela o día do Corpus, ademáis dunha festividade relixiosa, era un importante evento social, o máis relevante entre a Semana Santa e as festas do Carme. E no centro desa festividade estaba, non tanto o Santo Sacramento, senón, sobre todo para nós, a alfombra de flores. Unha alfom-

bra tan primorosamente deseñada e confeccionada que, por moito público se amontonara nas marxes, a ninguén se lle ocurría poñerlle un pé enriba. A solemnidade do acto e o silencio do momento eran absolutos, sobre todo cando o Sacramento chegaba baixo palio ata a que hoxe é Praza da Fonte do Galo. Ese silencio unicamente se rompía coas primeiras notas das gaitas. A partir de aí, e durante os catro minutos seguintes, tomabamos posesión da alfombra enteira para convertírnos no único centro de atención de toda a vila.

A finais daquel 1984 o concello comezou os preparativos dunha viaxe coa idea de facilitar o encontro en Buenos Aires entre os emigrantes do Grove residentes na Arxentina e os seus parentes deste lado do Atlántico. As autoridades locais, intuindo que precisaban unha tarxeta de presentación que investise á viaxe do debido tono institucional, e sabendo (como todo o mundo sabe) que os pobos están mellor

representados polos seus artistas que polos seus políticos, tiveron o acerto de convidarnos pagando os gastos de dez membros do grupo. O paradoxo estaba en que naquel momento xa non tiñamos director. A responsabilidade dos ensaios e actuacións quedara nas mans de Montse Gondar e Francisco Manuel desde setembro, cando don Francisco nos deixara para seguir a súa vocación relixiosa. Con todo, tamén nos deixara unha herdanza importante: un nivel de esixencia longamente inculcado ensaio tras ensaio e un sistema de traballo e organización. Cando aterramos en Buenos Aires, unha marea de grovenses agardaba aos seus parentes, aos que non viran durante décadas de separación, durante moitos anos nos que só puideran comunicarse por carta, e o primeiro que viron fomos nós. Tocar e bailar nun aeroporto nunca entrara nas nosas previsións, pero a reacción foi desbordante: todo eran abrazos, felicitacións e preguntas. O que máis nos preguntaban era de que familia e de que barrio viñamos cada un, ansiosos por vencellarse, a través de nós, con alguén do seu pasado ou co barrio no que naceran e ao que non voltaran. Foi abrumador, e foi un privilexio.

Todas as vivencias da viaxe excederon calquera idea previa. Todo foi excesivo: as dúas actuacións en dúas canles de televisión, as festas en Punta Chica (piscina incluída), as visitas ao parque de atraccións, a actuación no Teatro San Martín, as pizzas e todos os sabores novos... O noso hotel estaba en pleno centro daquela urbe sen fin; concretamente, a tres cuadras do obelisco, como dixemos a Don Francisco nunha postal que lle enviamos desde alí. Para os traslados tiñamos á nosa disposición un microbús que podía tardar tres cuartos de hora en levarnos ao noso destino sen saír da cidade. Porque tamén a cidade era excesiva, pero perfecta para un grupo de



adolescentes que faltaban legalmente a clase e pasaban as mellores vacacións das súas vidas no hemisferio no que era vran nese momento. O Paraíso feito realidade.

Foi esta viaxe a que nos fixo durar aínda tres anos máis. O cuarteto de gaitas tiña capacidade e compromiso para seguir, pero, sen director e sen unha escola na que se preparasen os futuros relevos do grupo de baile, perdurar era inviable. Houbera incorporacións, como a do outro Manolo, Pablo, ou, despois de Buenos Aires, Suso e Elisa, persoas que marcharon e persoas que chegaron, pero non na medida necesaria para facer posible a continuidade. Nas vilas pequenas os proxectos adoitan durar o tempo que lles adiquen as persoas que os levan adiante, e cando estas abandonan a actividade, o proxecto esmorece. Non era factible escapar desta realidade, sobre todo desde que quedamos sen director: ese era o momento que a lóxica establecía para acabar; pero aínda sen director duramos tres anos. Unha proeza conseguida entre todos.

Aqueles tres anos de vida extra apuntan ás nosas fortalezas: o nivel

de esixencia asumido por todos e o sentimento de grupo proporcionado pola gran aventura arxentina. Polo demáis, cómpre dicir que xa se acadara o obxectivo do proxecto, que non foi outro que o de proporcionarnos vivencias e experiencias que serían imposibles se Breogán non existira. Vivencias que nos fixeron cruzar O Bao infinidade de veces nun momento no que O Grove era un lugar moito máis pequeno e moito máis pechado que agora, nuns anos en que, xeográfica, pero sobre todo mentalmente, era unha illa que non estaba de camiño a ningún destino (tanto era así que nunha ocasión na que fomos actuar á Estrada, Pacó, o irmán de Juancho, que decidira acompañarnos aquel día, baixou do autobús preguntando: “¿aquí onde está o muelle?”). A música e o baile sacáronnos da nosa cotianidade de nenos dun pobo mariñeiro para facernos coñecer paisaxes vitais diferentes, para abrírnos os ollos, e sobre todo a mente, a outras realidades; para facer a nosa infancia, e a nosa vida, mellores e máis grandes. Esa foi a súa gran virtude, a súa finalidade esencial. Ese foi o milagre.





COÑECENDO O NOSO ENTORNO E AS NOSAS TRADIÇÕES: IMPORTANCIA DOS CASTIÑEIROS, NA PAISAXE, NO ECOSISTEMA E NA TRADICIÓN

Silvia Domínguez Torrado.

INTRODUCCIÓN: O MAGOSTO

Chega o outono e consigo o “Samáin” (fin do verán; decaemento da natureza). Un cambio cíclico que coincidía coa recollida das últimas colleitas e co acurtamento das horas de sol. Chegaba o período de escuridade, de recollemento, na que o mundo terreal e espiritual se xuntaban. Celebración antiga que se asociaba ao inicio do novo ano céltico (1 de novembro). Celebración que co tempo foi adaptando a igrexa ata pasar a ser ese día un o de “Todos os Santos”, relacionada co de “Defuntos”.

Nesta época de Samain ou de Defuntos están os castiñeiros a pleno rendemento, co cal cabe esperar que parte das lendas e celebracións estean asociadas a este froito...a castaña.

Celebracións como o magosto na que se fan xuntanzas con familiares ou amigos tanto arredor da lareira como no monte, para celebrar a colleita recollida, desfrutando de castañas asadas ou cocidas acompañadas dun bo viño novo arredor dunha fogueira que ademais de proporcionar calor ilumina xa estes días mais curtos. Pintando a cara de cinza e bailando coa idea de que os nosos defuntos se unan á festa. E comendo moitas castañas, xa que como di a lenda con cada unha que se comía se liberaba unha alma.

IMPORTANCIA DOS CASTIÑEIROS

Se é importante a castaña nesta época non o é menos o coidado dos castiñeiros, que nos últimos anos sufriron un decaemento pola baixada no seu consumo e como non pola súa substitución nos montes a favor principalmente doutra especie como é o eucalipto.

Os soutos formados por un grupo de castiñeiros “*Castanea sativa*” formaron parte da paisaxe galega durante moitos séculos, xa non só pola prezada castaña, cargadiña de nutrientes saudables e con gran versatilidade culinaria (cocidas, asadas, fariña,... senón polo aproveitamento do propio ourizo como combustible, así como da súa madeira (mobs, vivendas,...), e das numerosas setas que medran ao seu carón. A castaña en Galicia foi moi importante, xa que foi utilizada dende moi antigo na gastronomía como alimento primordial e na economía chegándose a utilizar como moeda de cambio, sendo moitas rendas de terras de terratenentes e monxes cobradas en castañas.

Cabe destacar que na Galicia mais rural o con menos

recursos basearon durante moito tempo o seu sustento no uso da castaña, normalmente mediante no seu uso regular como alimento nesta época e no o seu secado e posterior elaboración da fariña, que se gardaba para o resto do ano. Todo isto antes de que chegasen outro tipo de alimentos foráneos como a pataca ou o millo, os cales desprazaron de maneira mais ou menos acusada o uso da castaña como alimento básico en moitas zonas.

A paisaxe galega que mostraba unha importante diversidade fai séculos con zonas cheas de loureiros, castaños, carballos, espiños, etc. Atopándose na actualidade case agonizando debido entre outras cousas á existencia doutras especies que desprazan e provocan cambios tanto a nivel paisaxístico como a nivel ecolóxico.

As zonas de montes autóctonos con castiñeiros gañan en diversidade xa que nos soutos existe un microclima que á súa vez ten asociado unha fauna e flora (setas, niños de paxaros, anfibios, musgos, liques.



Serven de alimento (fritos) e fogar para moitos animais. E funcionan como cortalumes naturais debido a que a densidade de crecemento é menor, e debaixo destas arbores hai menos maleza e mais humidade.

PROBLEMAS PARA OS CASTIÑEIROS

Un grave problema que tivemos nos últimos anos foi a crenza dun ingreso rápido para a xente do rural co único modelo produtivo baseado soamente no rápido crecemento e aproveitamento da madeira. Un principal exemplo son os montes cheos dunha especie foránea como é o eucalipto. Unha especie de orixe australiana, cun crecemento rápido, que rebrota cando o tallan ou se queime, que empobrece o chan, que non serve de fogar para ningunha especie, creando montes cunha baixa diversidade... e que é a ambición de toda industria papeleira, a cal está levando ao monte galego autóctono ao seu declive máximo. Este tipo e produción crea “Alimento para hoxe, fame para mañá”.

Outro problema que tivo o noso castiñeiro foi a chamada enfermidade da “tinta”_causada por un fungo e pode chegar a acabar con moitos exemplares. Para atallar esta enfermidade estanse a utilizar medidas preventivas como uso de híbridos.

E por último, pero non menos preocupante o abandono do rural, que provocou a perda de moitos soutos e que levaron tamén consigo a instauración de



novos hábitos alimenticios, no que non se atopa o consumo habitual da castaña.

PROTEXAMOS AO CASTIÑEIRO, CELEBREMOS O MAGOSTO

Non digo nada novo comentando que lles toca á administración impulsar proxectos para chegar a conseguir un monte galego en condicións dándolle ao castiñeiro o lugar que nunca debeu perder, pero... mentres iso ocorre, cada un de nos debe promover o sentido común e intentar recuperar e expandir os castiñeiros, por en valor a castaña como alimento común nos nosos fogares, e promover a recuperación de como zonas de grande importancia paisaxística, ecolóxica e económica.

Esta tradición do magosto sigue arraigada nalgunhas zonas rurais de Galicia, pero cada vez con menos significado xa que na maioría dos casos son xuntanzas sen mais, con festexos asociados ao famoso Halloween que vai collendo terreo cos seus disfraces, chuches e truco trato, desprazando dunha maneira mais que evidente aos magostos, e as conexións tan fortes relacionadas con esta tradición como son o respecto polos defuntos, a familia, a natureza, os alimentos, o lume, a escuridade, ...

Valorem os nosos castiñeiros, o noso Samain e nosos magostos...celebrando as nosas xuntanzas con espírito, con respecto, con música, con bailes e con castañas e bo viño, intentando **apreciar a relación afectiva e máxica que existiu entre o uso das castañas como alimento e entre o mundo terreal e o mais aló durante estas datas**. Para que tal e como comento sempre, nos sintamos orgullosos e orgullosas da nosa cultura e raíces e que non permitamos que caian no esquecemento...xa que son parte esencial da identidade e personalidade cultural dun pobo... E que esta Galicia máxica que todos coñecemos perduire moito tempo.

“Polo San Martiño, castañas asadas e bo viño”.

“Con castañas e viño novo non morre un pobo”.

“Auga en agosto, nin bo viño nin bo magosto”

NOTA MÁXICA:

Non quero rematar sen aclarar unha dúbida que eu ti ven no seu momento e que moita xente ten aínda... a diferenza entre a castaña comestible que acabamos de alagar e a castaña non comestible ou denominada “Castaña das bruxas ou da sorte”, utilizada como amuleto de protección de enerxías negativas; pertencente a unha especie de árbore diferente “*Aesculus hippocastanum*”. Non se comen, son tóxicas e unha maneira básica de diferenciarlas é que a castaña de indias é mais ou menos redondeada e atópase dentro dunha cascara espiñosa, e a castaña comestible é picuda cunha zona mais plana e atópase dentro dun ourizo.



MEMORIAS DUNHA AVENTURA CULTURAL

Juan Jose Caneda Aguín.

Alá polo ano 1978, un grupo de amigos xuntámonos na casa do crego D. Severino Suarez e alí foi o berce do que en principio se chamou Asociación Cultural Breogán, co propósito de animar e encauzar as inquedanzas do noso pobo, un pouco parado no eido da cultura. Van alá moitos anos e a memoria pode fallar tanto o nomear persoas e actividades, pero o que si é certo e que Breogán foi un ferveiro de iniciativas que moveron a centos de veciños nas súas actividades.

Os primeiros días das Letas galegas conmemorámoslos con postos de venta de libros, exposicións de encaixes de Camariñas e mostras de cerámica de distintos obradoiros de Galicia. Formamos grupos de baile galego, así como o grupos e escola de gaitas que nos representaron na Arxentina nun viaxe memorable.

Por primeira vez editamos a obra "O Señor Feudal ou ¿quen matou o Meco?", gracias a familia do autor F. Franco Calvete, que a tiña en papeis soltos, e así podela ter cada casa do Grove, ilustrando o libro Miguel Besada. Por certo, tuvemos a un dos autores da música que ameniza O Meco, Sr. Pepe Besada nunha charla sobre as representacións, intercalada con as notas o piano da traxico-media-zarzuela.

Cursos de fotografía con Fernando Gondar de mestre, clases de piano, escola de música, conferencias. Recordo unha memorable charla do Irmán Rivas sobre a historia e a toponimia do Grove. O xadrez tamén estivo presente no humilde local da Fonte do Galo (hoxe en ruínas), da man de Alberto García Besada, Heladio Outerio.... Hasta ouvo un intento de equipo de ciclismo. Calquer



iniciativa de deporte era ben acollido na nosa sociedade aberta a toda iniciativa.

No ano 1984, co cine en franca decadencia na nosa vila, xurde en Breogán a posta en marcha do cine-club, cine-forum. Temos datos da proxección das seguintes películas: "La Chica del adiós", de Herbert Ross, "El Muro", de Yilmaz Guney e "Zelig", de Woody Allen, con gran asistencia de público que debatía. Esta iniciativa foi animada polo comité local do PCG para que a xente acudise o Cine Marino mediante cartelería propia.

Breogán recuperou o Enterro da Sardiña que xa quedou para sempre no Entropido Meco. Tamén recuperaron as alfombras de frores na Festa de Corpus, facendo o grupo de baile a danza procesional na Fonte do Galo.

A vida social era moi distinta, celebrándose bailes nas Festas de Fin de Ano, San Martiño ou no Entroido. Javier Sanmartín, Francisco Fernández son nomes que foron animadores de moitos eventos, así como outras persoas que, desinteresadamente fixeron posible momentos de esplendor. Deixo para o final as actividades do piragüismo que tantas alegrías nos dou e nos está dando. Os principios foron moi duros, con escasez de medios, contadas as piraguas que levávamos enriba das bacas dos nosos coches particulares de directivos e país dos deportistas. Lémbrome dun descenso do Río Tea, desde



Mondariz a Pontearreas, con tan pouco caudal que partiron pola metade casique todos os barcos. Rescatamos os padexeiros por entre hortas e voltamos o Grove coas piraguas en cachos enriba dos nosos turismos. Naqueles tempos o piragüismo era deporte de élite e das clases "ben", especialmente en Pontevedra. Breogán foi pioneiro en popularizar este deporte.

Cando Breogán se transformou en Club Marítimo, Deportivo e Cultural, tuvemos a portunidade de que o Consello Nacional de Deportes fixese unha piscina olímpica na zona de Confín en donde o Club Marítimo tiña unha

concesión. A ilusión era grande pero certa oposición, que chegou a tornarse violenta, aducindo que Breogán era un Club para ricos. Ante este conflito, o Consello Nacional de Deportes desistiu de construír a piscina olímpica no Grove e fixo a inversión en Ourense. A piscina olímpica que hoxe ten a cidade das Burgas era para facer en Confín. Así se escribe a historia, pero Breogán foi adiante contra vento e marea. E así debe ser. Como decía aquel entrenador "sempre positivo, nunca negativo".

Estos son os recordos de este Club que vai camiño do medio século.

RESEÑAS LITERARIAS

Iria Gondar Iglesias



LOS PELIGROS DE FUMAR EN LA CAMA de Mariana Enríquez

Mariana Enríquez é unha escritora bonaerense, nacida a finais de 1973. Viviu a súa infancia en plena ditadura arxentina. Feito destacable, con gran repercusión nos seus contos e relatos.

Pantasma, bruxería ou aparecidas, son algúns dos elementos “paranormais” que atravesan “Los peligros de fumar en la cama”. Unha antoloxía de doce relatos terroríficos, onde a autora pon nun abismo a cada unha das personaxes/corporeidades -especialmente femininas- as cales levan o peso completo da narración.

Enríquez válese deste recurso para facer unha panorámica ante diferentes problemáticas sociais: a pederastía, a prostitución infantil, a saúde mental (depresión, filias), o racismo e o clasismo, a gordo fobia e as desaparecidas durante a ditadura Arxentina.

Os seus relatos son incómodos, hai violencia, sangue, vísceras, etc. Mais non por introducir estes elementos, nin os sobrenaturais. Mariana vai máis alá, coa capacidade de elevar o terror fóra dos muros cara outra dimensión: á realidade, ao cotián.

Se algo fai destacable a Mariana é o impacto da súa prosa adrenalínica, o efecto -sobre todo- que cada relato produce en nós, como lectoras.




QUE ME PARE O CORAZÓN SE TE ESQUEZO de Andrea Maceiras

“Que me pare o corazón se te esquezo” de Andrea Maceiras, unha novela galardoada co XV Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil, que toca temas como a saúde mental e o mal uso das redes sociais.

Nesta novela coñeceremos a Blue Shiva, o alter ego dunha rapaza, quen coma esa deidade Hindú atrae a destrución e o caos ás redes sociais.

Con miles de seguidores na súa canle, Siva publica contido cumprindo retos que atentan contra a súa integridade. Ate que nun dos últimos que comparte perde a súa vida. Transitaremos por esta novela con Ada, unha adolescente cunha doenza mental seguidora de Blue Shiva, e Lúa a súa irmá xemelga, quen a acompañará nesta historia, xunto con Gabriel.

A narración resulta envolvente e adictiva, ambientada nunha Nordestal ficticia descrita dende a paixón pola Terra. A depresión na adolescencia, a presión de grupo, os medos, a falta de límites no uso das redes, a soidade e o distanciamento que poden chegar a producir as novas tecnoloxías, as relacións familiares e as relacións LGBTIQ+, son os grandes temas extrapolables na obra de Maceiras.



UN DETALLE MENOR de Adanía Shibli

Un detalle menor está dividida en dous relatos, pódese dicir que paralelos. Mais esta fragmentación a comprenderás no seu conxunto.

O primeiro está narrado en terceira persoa, dende o punto de vista dun comandante israelí no deserto de Néguev. Coa instrución de eliminar a toda persoa árabe que quede no deserto. Alí capturan e violan en grupo a unha moza beduína, a asasinan e a enterran nunha gabia. Todo isto no contexto da Palestina de 1949, un ano despois da primeira Nakba en plena ocupación territorial. Un suceso “circunstancial” no contexto dun xenocidio.

A segunda parte, encádrase vinte anos despois, narrada en primeira persoa por unha periodista Palestina de Ramallah, quen é coñecedora desta historia e decide investigar o caso. Desta maneira, a modo de road trip viaxaremos con esta moza dende o seu lugar de residencia, ao museo Batei Haosef en Jaffa, a Rahat, ao kibutz de Nirim, a Ráfah ate o deserto do Néguev, por un sistema de estradas segregado.

O medo, a incerteza, a desolación, a soidade son elementos intrínsecos a esta novela dura, fría e inhóspita.

Shibli crea unha ambientación angustiante, onde as personaxes carecen de identidade e historia. Logra así manter as lectoras á marxe, na distancia, tal e como se está facendo co pobo Palestino.

Pon o foco ademais na violencia sexual; ese suceso casual de algo que abarca dimensións mais grandes, mais ese “detalle menor” son crimes de guerra. Voces silenciadas que non poden recuperarse, nin sequera anos despois.



CIRCE OU O PRACER DO AZUL de Begoña Caamaño

Os corpos invisibles céntrase nas vidas entrelazadas de Loretta Count e Prometea Stoner, dúas mulleres da Inglaterra do século Xx, en plena Revolución Industrial, das que sabemos que: unha delas ten 7 anos e traballa nunha fábrica téxtil para axudar a súa familia. A outra non se sabe moi ben que idade ten. O que sí se sabe é que pertence á clase burguesa, vai en cadeira de rodas e ten unha saúde endeble.

As vidas de Loretta e Prometea crúzanse no momento en que Stoner perde unha carta dirixida a Mary Shelley. Dúas mulleres que se cruzan, e que aparentemente son diferentes, pero que ámbalas dúas procuran a súa liberación e o recoñecemento que socialmente se lles nega polo feito de ter nado mulleres.

Nesta novela, ademais, a autora fai un tributo as grandes escritoras invisibilizadas dunha maneira moi peculiar, así que, non perdades de ler esta increíble novela xuvenil, porque ademais de estar narrada de maneira fresca e divertida tamén ten moito de rocambolesca.

POESÍA

POEMA DE

Lola Rodríguez Lola A Meca

Eu nacín en Peralto á beira do mar
nunha casa vella que era o meu fogar.
Eu son a máis vella de cinco irmáns
como rapaza que era non podía xogar.
Para a miña nai ir a traballar
eu axudeillos a criar.
Como eran pequenos habíamos que coidar.
Miña nai miña querida
non me podo olvidar.
cando ás tres da mañá nos tiñamos que levantar
para ir ó Paxareiro a buscar o peixe
que cos trasmallos pescaba papá.
Íamos e víñamos a andar.
Eu pónome a pensar,
aquela vida era unha esclavitude
e agora para ir ó mesmo lugar
vaise en coche a pasear.

UN BERRO ABOUXADOR

Queco Fresco

Un berro abouxador
segue a mutilar a voz,
o sibilio aínda se torna en pranto,
a choiva de chumbo segue
a buscar corpos que furar,
e o ruxido dos misiles enxordece
aínda os berros enterrados na gorxa.

Maís,
pasan os días, os meses, os anos,
e xa non sentimos nada,
só as estadísticas dos xornais
nos lembran o que xa esquecemos,
que moxóns de nos segue habendo
guerras destruindo vidas.
E non nos percatamos de que,
nun abrir e pechar de ollos
poderíamos sentir esa agonía...

ABRACEICHE

M^a Carmen Cacabelos

Abraceihce
Quería deixar o meu amor
Pegado na túa pel

De tal xeito abraceiche
Que alegría de vida compartida
Iba nesa aperta

Abraceiche
Para que sentiras toa a tenrura
Que teño por ti

Abraceiche
Coa miña locura
Prendida para sempre co teu sorriso

Abraceiche
Para que sempre me lembres así
Abrazada a tí

Só, nese intre,
botaríamos as mans a testa
e sairíamos correndo procurando
refuxio
daquelo que xamais quixemos
mirar,
porque pensábase que aínda
estaba moi lonxe.